



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE ARBO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPARACIÓN DO PAVIMENTO NO MERCADO MUNICIPAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia Pérez, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación ten previsto formalizar co Concello de Arbo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización e financiamento do "Proxecto de obras de reparación do pavimento no Mercado Municipal de Arbo".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente. Por isto, é necesario potenciar a competitividade, a dinamización e a estrutura dos establecementos comerciais situados no ámbito rural, procurando o equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural, a mellora da comercialización dos produtos autóctonos e a mellora da imaxe e o equipamento dos mercados e prazas de abastos galegos.

Na consecución deste obxectivo, o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia é fundamental para destacar o potencial dos nosos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado. A súa finalidade fundamental é aproveitar a situación estratéxica dos mercados e prazas de abastos e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se integran, ao produto local e a valores como a sostibilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.

O Concello de Arbo representa na súa contorna un concello moi relevante en canto á importancia do produto agroalimentario, polo que a mellora da súa praza de abastos supón unha necesidade para preservar tanto a produción de produto como a súa comercialización.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei

Dirección Xeral de Comercio e Consumo
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Edificio 5-3ª planta
15781 Santiago de Compostela





9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

